

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11113G		09-06-17 10:57

Número 7 .- Propostas do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, relativas á modificación e ampliación de aparcamentos en superficie de varios puntos da cidade.

Destinatario

15078DCMG11113G/



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de xuño de 2017 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 7 .- PROPOSTAS DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA, RELATIVAS Á MODIFICACIÓN E AMPLIACIÓN DE APARCAMENTOS EN SUPERFICIE DE VARIOS PUNTOS DA CIDADE.

7.A) Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 6 de xuño de 2017, da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, do seguinte teor literal:

"Visto o informe do técnico deste servizo de data 2 de xuño de 2017 no que se pon de manifesto a necesidade de modificar o horario da zona 2 de residentes, na rúa Carlos Maside xa que, na actualidade esta rúa está dividida en dúas zonas, unha reservada exclusivamente a residentes e outra, a que agora pretende modificarse, co aparcamento libre ata as 21:00 horas, con reserva para residentes o resto do horario. Pois ben, tendo en conta o importante movemento de vehículos que se está a xenerar en dita rúa motivado pola asistencia ó centro Socio-Cultural e ó pavillón municipal, se considera necesario modificar o horario actual retrasando ata as 23:00 horas o comezo da reserva de residentes.

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I13G	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-17 10:57

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, proponse, acordar:

A modificación do horario xeral da zona de residentes para a rúa Carlos Maside, zona 2, polos motivos expostos anteriormente, retrasando o inicio da reserva da zona de residentes ata as 23:00 horas.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización de zona conforme o acordo que se adopte.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Visto o informe que antecede da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, en relación coa rúa Carlos Maside, zona 2 de aparcamento de residentes, de conformidade coas consideracións que nel se expoñen, proponse, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

A modificación do horario xeral da zona de residentes para a rúa Carlos Maside, zona 2, polos motivos expostos anteriormente, retrasando o inicio da reserva da zona de residentes ata as 23:00 horas.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Aprobar a modificación do horario xeral da zona de residentes para a rúa Carlos Maside, zona 2, polos motivos expostos no

Documento	Expediente	Fecha
CMG11113G		09-06-17 10:57

informe-proposta transcrito, retrasando o inicio da reserva da zona de residentes ata as 23:00 horas.

7.B) Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 6 de xuño de 2017, da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, do seguinte teor literal:

"Visto o informe do técnico deste servizo de data 2 de xuño de 2017 no que se propón a inclusión das rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Diaz Valiño, na zona 4 da Almaciga, tendo en conta que estas rúas non contan cunha zona de aparcamento de residentes e atendendo as demandas veciñais, tanto de particulares como de Asociación de Veciños se considera conveniente a inclusión destas rúas nunha zona de aparcamento de residentes.

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Movilidade, podera:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para totalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu consunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, proponse, acordar:

Incluir na zona de residentes (verde) número 4 Almaciga as rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Diaz Valiño, co fin de facilitar os veciños residentes nestas rúas unha zona de aparcamento de residentes do que carecen na actualidade, atendendo a esa demanda vecinal, por consideralo necesario para solventar esta demanda de aparcamento.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización dz zona conforme o acordo que se adopte.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11113G	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-17 10:57

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Visto o informe que antecede da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, en relación coa demanda veciñal de dotar de zona de aparcamento os residentes das rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Diaz Valiño, incluíndoas na zona 4 Almaciga, de conformidade coas consideracións que nel se expoñen, propónse, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Incluir os veciños residentes na rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Diaz Valiño na zona verde número 4 da Almaciga.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Incluir os veciños residentes na rúas Caramoniña, Anxo Casal e Praza de Camilo Diaz Valiño na zona verde número 4 da Almaciga; de conformidade co informe-proposta transcrito.

7.C) Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 6 de xuño de 2017, da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, do seguinte teor literal:

"Por acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de febreiro de 2016 acordouse aprobar un novo horario para a zona denominada de réxime xeral de curta duración, que abrangue as rúas que se relacionan no informe transcrito, que sería de 08,00 a 14,00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres, os sábados de 08:00 a 14:00 horas

A xustificación desta medida foi facilitar o aparcamento na Praza de Abastos (Travesía da Universidade, Praza de Entrepraciñas, Praza da Universidade, Praza de Mazarelos e Virxe da Cerca), con anterioridade comenzaba as 10 horas, polo que a finalidade da medida era adiantar o horario dende as 8 horas, unha vez rematado o da carga e descarga. Con elo conqueriuse unha maior rotación de prazas na área de influencia do mercado evitando que os mesmos vehículos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11113G	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-17 10:57

estivera aparcados dende as 7 ata as 11,30 horas. Polo tanto a medida foi efectiva pois maximizouse o número limitado de prazas de aparcamento, cunha maior rendabilidade das mesmas.

Na relación de rúas afectadas procedeuse a incluír non so aquelas do entorno da praza, senon todas as rúas que comprende as zonas de curta duración, entre elas a Algalia de Abaixo.

Poren, o aparcamento na rúa Algalia de Abaixo, en realidade non afecta ós usuarios da Praza de Abastos, pois non está na súa zona de influencia. O aparcamento na Algalia de Abaixo constitúe parte das bolsas de aparcamento da zona monumental, polo que debería ter o mesmo horario que aquelas.

Neste senso, proponse, modificar o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de 12 de febreiro de 2016, no senso de recuperar o horario que tiña anteriormente que é o xeneral das zonas ORA, o sexa de 10,00 a 14,00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres, os sábados de 10,00 a 14,00 horas, segundo o desposto na Ordenanza do Sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes.

 O artigo 11 da Ordenanza establece a respecto dos horarios que os mesmos poden ser modificados, por acordo da Xunta de Goberno Local, arbitrando os medios necesarios para xeral coñecemento.

Sobre a xestión do servizo non existe ningún problema, posto que volve a recuperarse o horario normal da zona ORA, polo que único que sería preciso sería comunicalo á empresa que actualmente, polas prórrogas acordadas polo Concello, continúa a prestar o servizo.

Esta proposta tamén resulta informada favorablemente polo técnico municipal deste departamento coas consideracións exportas anteriormente.

A vista do exposto, proponse, que pola Xunta de Goberno Local se acorde recuperar o horario correspondente ó xeral do sistema ORA na rúa Algalia de Abaixo, o sexa de 10,00 a 14,00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres, os sábados de 10:00 a 14:00 horas

Para xeral coñecemento o acordo publicárase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; asemade, modificare a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11I13G	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-17 10:57

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

Visto o informe que antecede, da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, en relación coa recuperación do horario do sistema ORA para a rúa de Algaliá de Abaixo, de conformidade coas consideracións que nel se expoñen, propónse, a Xunta de Goberno Local:

Recuperar o horario correspondente ó xeral do sistema ORA na rúa Algaliá de Abaixo, o sexa de 10,00 a 14,00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres, os sábados de 10:00 a 14:00 horas.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; asemade, modificare a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

Recuperar o horario correspondente ao xeral do sistema ORA na rúa Algaliá de Abaixo, o sexa de 10,00 a 14,00 e de 16:30 a 20:30 de luns a venres, os sábados de 10:00 a 14:00 horas; de conformidade co informe-proposta transcrito.

7.D) Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 6 de xuño de 2017, da xefa do servizo de Mobilidade e Seguridade Cidadá, conformado coa mesma data polo concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia, do seguinte teor literal:

"Visto o informe do técnico deste servizo de data 2 de xuño de 2017 no que se propón a eliminación de vehículos dun dos dous carrís da rúa de Domingo García Sabell, habilitando unha liña de aparcamento, con capacidade para 23 vehículos incluída unha carga e descarga. Este aparcamento regularíase co sistema ORA, zona azul, durante o día e pola noite constituiría unha nova zona de estacionamento para vehículos do casco histórico.

De conformidade co preceptuado na Disposición Adicional Primeira da Ordenanza do sistema de Ordenación e Regulación do Servizo da ORA e Aparcamento de Residentes: a Xunta de Goberno Local, previos os

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG11I13G		09-06-17 10:57

informes dos técnicos competentes e a proposta do Concelleiro Delegado de Tráfico e Mobilidade, poderá:

Modificar, ben para unha zona concreta ante circunstancias especiais que así o xustifiquen, ou ben para tódalas zonas delimitadas de aparcamento ORA no seu conxunto, o horario, a delimitación das zonas, así como as vías e prazas situadas nos distintos sectores de estacionamento limitado.

En consecuencia, propónse, acordar:

A eliminación da circulación de vehículos dun dos dous carrís da rúa Domingo García Sabell, habilitando unha liña de aparcamento, con capacidade para 23 vehículos incluída unha carga e descarga. O aparcamento regularase segundo o sistema ORA zona azul, durante o día e pola noite constituiría unha nova zona de estacionamento para vehículos do casco histórico.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte.

PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE MEDIO AMBIENTE E CONVIVENCIA

X Visto o informe que antecede da Xefe do Servizo de Mobilidade e Seguridade, en relación coa rúa García Sabell, de conformidade coas consideracións que nel se expoñen, propónse, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

A eliminación da circulación de vehículos dun dos dous carrís da rúa Domingo García Sabell, habilitando unha liña de aparcamento, con capacidade para 23 vehículos incluída unha carga e descarga. O aparcamento regularase segundo o sistema ORA zona azul, durante o día e pola noite constituiría unha nova zona de estacionamento para vehículos do casco histórico.

Para xeral coñecemento o acordo publicarase en dous xornais de maior difusión na localidade e na páxina web do Concello; modificándose a sinalización da zona conforme o acordo que se adopte."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG11113G	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 09-06-17 10:57

Aprobar a eliminación da circulación de vehículos dun dos dous carrís da rúa Domingo García Sabell, habilitando unha liña de aparcamento, con capacidade para 23 vehículos incluída unha carga e descarga. O aparcamento regularase segundo o sistema ORA zona azul, durante o día e pola noite constituirá unha nova zona de estacionamento para vehículos do casco histórico; de conformidade co informe-transcrito.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández